

Compromiso e entusiasmo, claves do éxito de «Ciencia Singular»

martes, 13 novembro, 2018 - 14:52

Máis de 200 persoas acudiron ao CiTIUS o pasado sábado para coñecer a investigación do centro guiadas polo seu persoal, cuxo compromiso e dedicación permitiron culminar a xornada un ano máis con impresións moi positivas entre os visitantes do encontro divulgativo por excelencia na Rede de Centros Singulares (RCSI).



A II Edición de «Ciencia Singular» no CiTIUS reivindica un ano máis entre a cidadanía compostelá a Xornada de Puertas Abertas na RCSI como unha cita ineludible para achegarse á ciencia. Así o demostran os escasos días en que tardaron en cubrirse as inscricións e a gran acollida entre o público, que o pasado sábado se desfacía en eloxios cara á organización. Nun ambiente distendido e familiar, máis de 200 persoas descubriron o labor científica, tecnolóxica e social que se desenvolve no centro, a través dos seus propios investigadores. As catro quendas nas que se dividiu a xornada comezaron cunha charla de benvida e introdución por parte do Director do centro, Paulo Félix, que deu paso aos seguintes demostradores e charlas:

- *Detección de rutas seguras para escolares mediante LiDAR*: Francisco Fernández, José Carlos Cabaleiro e David López Vilariño.
- *Control e navegación autónoma dun dron (UAV)*: Manuel Mucientes e Daniel Cores.
- *Detección e seguimento visual de obxectos*: Manuel Mucientes e Víctor Brea.
- *Dentius, un software baseado en Visión computacional para o análise de placa bacteriana*: María José Carreira e Nicolás Vila.
- Conferencia divulgativa: *Computación de Altas Prestacións*, Juan Carlos Pichel.

A mañá concluíu cunha segunda quenda que replicou o mesmo esquema, pechando o bloque de visita a conferencia divulgativa impartida por Dora Blanco: Procesado de Imaxe Hiperespectral de Sensado Remoto.

Na terceira quenda de actividades –o primeiro da tarde– sucedéronse os seguintes demostradores:

- *Caracterización e seguimento de usuarios de redes sociais para a detección de indicios de depresión*: David Losada e Rodrigo Martínez.
- *Detección de rutas seguras para escolares mediante LiDAR*: Francisco Fernández, José Carlos Cabaleiro e David López Vilariño.
- *Descrición automática do nivel de servizo das vías galegas*: Alberto Bugarín.
- *Detección e seguimento visual de obxectos*: Manuel Mucientes e Víctor Brea.
- Conferencia divulgativa: *Microelectrónica e sensores autónomos*, Paula López.

Finalmente, a cuarta e última quenda contou coa participación dos mesmos investigadores que o anterior, a excepción do intercambio entre os demostradores de LiDAR e Dentius.

Paralelamente, outras actividades orientadas ao público infantil e xuvenil sucedéronse durante toda a xornada:

- *Experiencia inmersiva de realidade virtual*: Julio Illade e Jorge Suárez.
- *Obradoiro de robótica e interacción co robot humanoide NAO*: Roberto Iglesias e Fernando Estévez.
- *Obradoiro de robótica educativa* coa colaboración de WeRobots.

O CITIUS celebra o éxito da xornada e agradece a todo o seu persoal o esforzo, compromiso e dedicación, tanto nos labores de organización acometidos nas semanas previas ao encontro como na súa impecable execución. Parabéns a todo o equipo polo seu gran traballo.



